

OS BATÁNS DO MOSQUETÍN, NA TERRA DE SONEIRA (GALICIA)

BREVE GUÍA



SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS
PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
DA COSTA DA MORTE

Xosé M^a Lema Suárez (texto e fotos)

Roberto Mouzo Lavandeira (debuxos, mapas e planos)

Extracto de *O conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín, na Terra de Soneira. Outros batáns folóns ou pisóns de España e Portugal*, dos mesmos autores; Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, Vimianzo, 2007.

© Xosé M^a Lema Suárez / Roberto Mouzo Lavandeira.

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, en todo ou en parte dunha obra literaria, artística ou científica sen a preceptiva autorización.

LEMA SUÁREZ, X. Mª e R. MOUZO LAVANDEIRA.- *Batáns e muíños do Mosquetín (Vimianzo). Guía breve*; Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, Vimianzo, 2008 (48 pp.; 59 ilustracións, entre fotos a toda cor, debuxos, planos, mapas, etc.

Esta guía breve é a terceira obra que acometen os autores e o Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte sobre o conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín en pouco tempo. En abril do ano 2007 presentárase a primeira das obras relativas a este enclave da Terra de Soneira: un libro de 205 páxinas titulado *O conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín, na Terra de Soneira. Outros batáns, folóns ou pisóns de España e Portugal*, no que non só se estudaban os batáns do Mosquetín (Salto-Vimianzo), senón outros galegos, portugueses e de Asturias, Cantabria e Castela-León. Fora presentado no propio lugar con grande éxito de público. Un ano despois, en abril de 2008, o Seminario de Estudos Comarcais presentou o DVD de 30 minutos de duración titulado *Os batáns do Mosquetín, un conxunto etnográfico singular*, no que se levaba a imaxes o contido do libro anterior.

Agora acaba de saír á luz os *Batáns e muíños do Mosquetín (Vimianzo). Guía breve*, tamén editada polo Seminario de Estudos Comarcais. Trátase dun libro máis sinxelo no tocante ó texto e ó volume (48 páxinas), pero que conta coa particularidade de dispoñer dun maior número de ilustracións (59 en total, a maior parte a toda cor).

Un **batán** (tamén chamado **folón** ou **pisón**) era unha antiga máquina artesanal provista duns grosos mazos que, movida pola forza hidráulica, servía para bater en mollado os tecidos de la saídos dos teares artesanais –especialmente as mantas– para apertar a súa trama e amalgamar as febras, ó tempo que os lavaba e desengraxaba.

Deste xeito, na primeira parte do libro, tomando como exemplo os aparellos do Mosquetín, explícase o que é (ou foi) un batán e para qué servía, as súas tipoloxías, a súa mecánica e funcionamento, os nomes das pezas e os procesos de abatanamento. Con fotos xerais e de detalle, o libro vai indicándonos as diversas partes do batán. Tamén hai debuxos que ocupan páxinas enteiras que nos indican ás claras o funcionamento dos aparellos e os nomes das súas pezas (tamén dos muíños).

Faise historia dos labores de abatanamento (ou apisoamento) desde a época romana, para centrarse un pouco máis na Idade Media, época probable da invención deste tipo de enxeños. Mesmo se recrean unhas interesantes referencias literarias ós batáns contidas en obras coma o *Quixote* de Cervantes (1605) ou *Os piares da Terra* (1989) do británico Ken Follett. Chama a atención comprobar que na primeira delas o novelista lle dedicase un capítulo enteiro e parte doutro á aventura dos batáns (o XX e o principio do XXI: en total unhas 16 páxinas completas) mentres que ó episodio dos muíños de vento, que tan popular se fixo, nin sequera encheu dúas páxinas (do capítulo VIII) na súa totalidade.

Como remate faise unha historia deste conxunto etnográfico da Costa da Morte desde os tempos do Catastro de Ensenada (1753), para pasar logo á historia recente, desde as décadas de 1970 e 1980, na que se vai narrando sucintamente os múltiples esforzos que as asociacións culturais e veciñais da Terra de Soneira tiveron que facer para salvar este enclave etnográfico, pois tanto a alcaldía de Vimianzo como as sucesivas direccións xerais de Patrimonio da Xunta de Galicia nunca chegaron a facer o máis mínimo esforzo por evitar a ruína e o abandono dun sitio etnográfico tan senlleiro (nin sequera se aceptou declarar este conxunto Ben de Interese Cultural).

Grazas á oportuna intervención da Deputación da Coruña salvouse este enclave, iniciándose despois a súa restauración. Hoxe é un dos puntos de visita da Terra de Soneira e da Costa da Morte e mesmo mereceu os eloxios dos asistentes a un Congreso Internacional de Molinoloxía procedentes de Lisboa (2004).

SITUACIÓN

O conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín, atópanse na parroquia de Salto (Vimianzo), en plena Terra de Soneira, no tramo medio do río Grande ou río do Porto, que atravesa a bisbarra de leste a oeste desembocando na ría de Camariñas.

Situado entre as vilas de Baio e Vimianzo, podemos acceder por dúas vías a partir da estrada C-552 A Coruña-Fisterra: unha desviación sinalizada no km 60, só recomendada para turismos, e outra no km 61, pola que tamén poden achegarse os autobuses.



Vista do conxunto etnográfico do Mosquetín desde a banda esquerda do río (foto XMLS)

Se accedemos polo primeiro dos desvíos, desde a pontella de entrada podemos contemplar unha espléndida paisaxe natural, constituída polo propio río Grande, unha espesa arboreda de ameneiros, acacias de fondas raiceiras e algún que outro piñeiro, e dúas arcaicas construcións de planta terrea bastante alongadas, situadas entre as árbores e case a rentes do cauce do río. No interior destas construcións están os aparellos de abatañar e de moer que constitúen o cerne deste conxunto etnográfico.

Por detrás das árbores, á dereita e xa máis no alto, vemos as dúas casas que historicamente conformaron o lugar do Mosquetín desde tempos inmemoriais, xunto cos seus cabanotes e demais construcións accesorias de toda casa rural, entre as que destacan dous cabazos ou hórreos de pedra, de trazas moi xeométricas.

Ó fondo, de momento fóra da nosa vista, quedan as instalacións da piscifactoría. Dunha represa situada río arriba saen, pola banda dereita do río, dúas grandes canles de formigón armado que fornecen de auga os numerosos estanques dedicados á cría de troitas.

Se accedemos pola segunda vía pasaremos a ponte de Santa Irena e o lugar de Señorás, para entrar no lugar atopando a piscifactoría en primeiro lugar.

OS EDIFICIOS DOS BATÁNS, MOI RÚSTICOS E ARCAICOS

Os batáns, como os muíños –cos que xeralmente estaban asociados, pois con frecuencia compartían os mesmos edificios-, atopábanse no interior de edificacións moi rústicas e primitivas, que presentaban os caracteres típicos do tempo en que foron construídas. Había edificios que só acubillaban un único aparello e había outros construídos para protexer dous ou tres (coma este do Mosquetín). No primeiro caso, tratábase de edificacións de planta cadrada, moi pequenas, e no segundo de longos edificios de forma rectangular.

[...]

QUE É UN BATÁN E PARA QUÉ SERVÍA



Un dos tres batáns do Mosquetín despois das restauracións de 2002 (foto XMI/S)

Como veremos máis adiante, co inesperado desenlace da aventura do capítulo XX, don Quixote sentiuse burlado mesmo polo seu propio criado. Por iso reaccionou alporizado contra Sancho aducindo que el nunca tiña visto un aparello de tales características nin estaba obrigado a iso, dada a súa condición social de cabaleiro. En troques, dá por seguro que Sancho os coñece, “por villano ruín”; noutras palabras: pola súa condición de labrego. Este razoamento clasista, moi propio da sociedade estamental do Antigo Réxime, revélanos ben ás claras quen estaban familiarizados con estes aparellos (os non privilexiados: artesáns, labregos, servidores, etc.) e quen non (os privilexiados, mesmo a nobreza máis modesta, que era a fidalguía). Dábase por suposto que a xente do traballo tiña por forza que coñecelos, e a ociosa non.

Pero hoxe en día moita xente segue sen saber qué era un batán e para qué servía. Iso é debido a que practicamente xa non queda ningún deles traballando, pois os derradeiros que o fixeron detiveron a súa actividade hai máis de corenta ou cincuenta anos.

Para explicar a función deste aparello temos que remontarnos ós tempos en que a maior parte dos tecidos eran elaborados en teares artesanais, cousa que deixou de facerse hai moitos anos, a medida que se foi implantando a industria téxtil e a fabricación en serie.

[...]

AS TIPOLOXÍAS DOS APARELLOS

Dando por suposto que a case totalidade dos exemplares son de propulsión hidráulica, posto que esta é a forza de tracción usada maioritariamente, os batáns pódense **clasificar** de tres maneiras: Pola situación dos mecanismos propulsores, polo sistema de propulsión ou pola dirección de traballo das manlles.

[...]

A MECÁNICA DO BATÁN

Os batáns do Mosquetín, como a maior parte dos galegos, son de roda interior (o rodicio está dentro do edificio), propulsión inferior (a auga bate nas penas por debaixo da roda) e de manlles que petan en dirección horizontal.

Coa axuda dos esquemas e debuxos, vexamos con todo detalle o seu **funcionamento**.

[...]



Vista xeral dos batáns do Mosquetín (foto XMLS)

O SISTEMA DE ABATANAMENTO

Abatanábanse tecidos de la, sobre todo mantas.- Hai unha idea de que tamén se levaban ó batán tecidos de liño, pero iso, polo menos no Mosquetín, non era certo, porque aquí o abatanamento estaba reservado para tecidos de la, especialmente mantas. [...]

As distintas calidades de la condicionaban os resultados.- Hai máis de cincuenta ou sesenta anos na comarca había moitos rabaños de ovellas, que foron desaparecendo, en parte pols repoboacións forestais, en parte polos novos tempos. [...]

A clientela.- Os batáns do Mosquetín tiñan unha sona que superaba con moito os límites naturais da Terra de Soneira, pois a eles acudía xente da comarca e de fóra dela. A bataneira lembra seareiros de Carballo (uns 30 km) e tamén da parte de Noia (máis de 60 km), así como da Terra de Xallas e doutras comarcas da Costa da Morte. [...]

O proceso.- Para meter a manta na pía estirábase antes dun lado para outro, de esquina a esquina, para que non fose dobrada nin enleada: tiña que ir solta porque, se se pegaba, daba moito que facer. Despois dunha manta botábase outra, ata facer unha 'piada' (de 30 varas se era normal, de 40 se eran moi delgadas) que enchía a pía. A continuación botábaselle un caldeiro de auga para que se fora amoldando na pía e non se subiran arriba das manlles. [...]

O pagamento.- A diferenza do muíño, que se pagaba en especie –a maquiá-, no batán o pagamento era con cartos. [...]

O tempo de abatanar.- No Mosquetín abatanábase de outubro a abril ou maio, conforme houberse auga no río. O abatanamento de inverno era de peor calidade, pois caíalle moito pelo ás mantas; na primavera o resultado era moito mellor, cun pelo que “parecía de fábrica”. [...]

O BATÁN, UN INVENTO MEDIEVAL

Os gregos e os romanos xa batían ou pisaban os panos de la, pero descoñecían o sistema mecánico. En Roma o pano poñíase en maceración en grandes cubas, nunha mestura de arxila especial para abatanar, potasa e ouriños humanos. Nesas cubas os operarios apisoaban o pano calzados cunhas zocas axeitadas, calcando ben os calcaños, durante horas ou incluso días. Era o chamado apisoamento ‘a sangue’, o máis antigo que se coñece.

Na Idade Media é cando aparece o batán mecánico. Documentábase con seguridade entre os séculos XI e XII, en Francia e Alemaña.

[...]

OS BATÁNS NA LITERATURA

Sen lugar a dúbidas a obra literaria onde estes humildes aparellos cobran gran protagonismo é *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*, de Miguel de Cervantes.

Trátase dunha aventura de medo que se relata no capítulo XX desta primeira parte da novela, protagonizada por Don Quixote e Sancho e uns hoxe ilocalibles batáns manchegos. É curioso que mentres os muíños de vento continúan sendo un símbolo para toda a rexión de La Mancha por obra e graza da súa «intervención» na novela, os batáns non tiveron un éxito comparable. E iso que a aventura dos batáns do Quijote monopoliza todo o capítulo XX e o principio do XXI.

[...]

Pero tamén algún escritor contemporáneo demostrou ser coñecedor das características dun enxeño que deixou de funcionar hai ben anos, e iso ten o seu mérito. Trátase do coñecido novelista inglés Ken FOLLET, que na súa obra *The pillars of the Earth* (‘Os piares da Terra’, 1989), se atreve a imaxinar a invención do batán mecánico na Inglaterra medieval.

[...]

O MOSQUETÍN, UN ENCLAVE 'INDUSTRIAL' DO ANTIGO RÉXIME CON MÁIS DE 250 ANOS DE HISTORIA DOCUMENTADA

Os batáns do Mosquetín contan cunha longa historia documentada, pois xa os atopamos citados a mediados do séc. XVIII no *Catastro do Marqués de Ensenada*. O 20 de xaneiro de 1753 un funcionario da monarquía española da época (reinaba Fernando VI) reunía en Cambeda os mordomos ou peritos de cinco parroquias da Terra de Soneira, entre elas a de Santa María de Salto, encargados de responder baixo xuramento ás corenta preguntas dun cuestionario denominado 'Interrogatorio'. [...]



O edificio dos batáns e dos muíños de arriba, desde o leste (foto XMLS)

OS BATÁNS DO MOSQUETÍN NOS ÚLTIMOS ANOS: A LONGA LOITA DE PEDRA POLA SÚA SALVACIÓN

Os do Mosquetín deberon ser dos derradeiros batáns tradicionais en funcionamento, de Galicia e poida que de toda España, pois aínda por 1966 atendían algún que outro encargo.

-Entre 1966 e 1970 instalouse neste lugar, augas abaixo e na mesma beira dereita do río, unha piscifactoría, que adquiriu os dereitos da auga da represa para fornecer os seus estanques. Construíronse entón dúas grandes canles de formigón armado sobre a gabada que levaba a auga ós batáns e muíños, canles que afean a paisaxe e rompen coa unidade do conxunto, pero conformémonos con que afortunadamente non danaron os edificios.

-Verán de 1974: primeiro estudo sobre os batáns, para o que se tomou información directa do vello bataneiro, Evaristo García Oróns. Daquela, dous dos aparellos estaban en bastante bo estado, mentres que o terceiro xa se atopaba bastante estragado. Como resultado deste primeiro estudo, en 1977 publicaríanse as primeiras informacións lingüístico-etnográficas sobre estes ancestrais aparellos.

A principios dos anos oitenta tanto os aparellos como os edificios estaban nun completo abandono: os tellados do edificio dos muíños afundido e o dos batáns con grandes buratos. Por estes anos Galicia vírase afectada polos restos dos ciclóns 'Hortensia' e 'Klaus', que danaran seriamente os edificios ameazando a súa ruína.

[...]



Entrada ó conxunto etnográfico (foto XMLS)

EPÍLOGO

Chegados case ó final do periplo, malia que ó noso xuízo as cousas non están como sería de esperar, satisface comprobar que o esforzo de particulares e colectivos da Terra de Soneira polo conxunto etnográfico do Mosquetín non quedou en saco roto, polo menos para os mellores especialistas na materia. Deste xeito, na obra de recente publicación *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia* (2003) de M. CAAMAÑO SUÁREZ, o apartado correspondente ós batáns céntrase case exclusivamente nos do Mosquetín, salientándose ademais o esforzo colectivo que supuxo a súa conservación e restauración:

“O vigoroso esforzo reivindicativo de varias asociacións da Terra de Soneira, en boa parte dinamizadas e lideradas por Xosé M^a Lema, fillo destas terras, logrou logo de anos de vixilias esforzadas e de obter máis que silencios administrativos, ver satisfeita a reivindicación que durou anos. A Deputación da Coruña, no seu programa de Recuperación da Arquitectura popular, propúxose acometer-las obras e programacións necesarias para darlle vida de novo, anque con outros fins. Hoxe está case logrado ese desexo anxeado por moitos” (CAAMAÑO; 2003: 484).

As asociacións soneirás e os autores desta breve publicación agradecemos moito estas reconfortantes palabras de recoñecemento por parte dunha das máximas figuras da Etnografía galega actual. Tan só por elas xa pagou a pena todo o esgrevio e pouco reconfortante camiño andado, inzado de silencios e mesmo de desprezos.

OUTROS BATÁNS

EN GALICIA.- Como reliquia do pasado que son, non quedan batáns en funcionamento na nosa Terra. Podemos localizar o lugar onde estiveron eses 166 citados por Lucas Labrada a finais do séc. XVIII maiormente pola toponimia (aldeas e ríos chamados O Batán, O Folón, O Píson, etc.), pero chegados ó sitio o máis seguro é que atopemos tan só as ruínas do edificio que os acubillou.

Tanto os edificios como os enxeños quedaron abandonados hai máis de 50 anos ó non haber quen mirase por eles. En páxinas anteriores vimos o difícil que resultou conservar os do Mosquetín e a reconstrución dos seus aparellos. Son dos poucos que subsisten en Galicia, pois tan só coñecemos dous ou tres casos máis. Son estes: Os batáns de Oa (Xavestre-Trazo), o batán de Batán (Mezozzo, Vilasantar), a maqueta do batán da Casa do Rego (Servia, Lousame), e o batán da Finca Galea (Alfoz, comarca do Valadouro).

[...]

EN ASTURIAS está en funcionamento o dos Teixois (Taramundi) [...]; en CANTABRIA había un en Aniezo (Cabezón de Liébana) e o outro en Ledantes (Vega de Liébana) [...]; en CASTELA-LEÓN funcionou durante anos o *pisón* de La Salina, e no Batán-Museo de Val de San Lorenzo funciona desde 1953 un batán mecánico, movido por electricidade. [...]

EN PORTUGAL.- Os prestixiosos etnógrafos portugueses E. Veiga de Oliveira e F. Galhano publicaron, por primeira vez en 1960, un excelente estudo dos *pisões* portugueses que puideron localizar. Estudaron arredor de quince aparellos ó longo de todo o territorio luso: [...]

OS MUIÑOS DO MOSQUETÍN



Os muiños de arriba do Mosquetín. Interior (foto XMLS)

No Mosquetín houbo un total de sete muiños.

Tres deles no mesmo edificio que presta acubillo ós batáns (edificio norte) e os outros no que denominamos edificio sur, aínda que en realidade parecen edificios independentes coas paredes adosadas.

[...]

BIBLIOGRAFÍA

- BAS, B. (1983): *As construcións populares: un tema de etnografía de Galicia*; Edicións. do Castro, Sada.
- CAAMAÑO SUÁREZ, M. (1999): *As construcións adxectivas*; Museo do Pobo Galego, Santiago.
- CAAMAÑO SUÁREZ, M. (2003): *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*; Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos; Santiago.
- KRÜGER, F. (1925): *Die Gegenstandskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete, ein Beitrag zur spanischen und portugieschen Volkskunde*; Hamburg.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1977): "Notas de socioloxía e lingüística a propósito dos batáns do Mosquetín (A Coruña)", in revista *Verba-4 (Anuario Galego de Filoloxía)*; Univ. de Santiago.
- LEMA SUÁREZ, X. M^a (1992): "'El Quijote' de TVE e os batáns", en *El Ideal Gallego*, 1.3.1992 ("Cuadernos", XIV).
- LEMA SUÁREZ, X. M^a (1996): 'Os derradeiros batáns, en vías de desaparición', en *Tecnoloxía tradicional: dimensión patrimonial e valoración antropolóxica (Actas do Simposio Internacional in Memoriam Xaquín Lorenzo, Ourense 13-15 outubro 1994)*, Consello da Cultura Galega, Santiago; pp. 143-178.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a e PÉREZ REY, R. (1989): *Os derradeiros batáns* (video).
- LEMA SUÁREZ, X. M^a / R. MOUZO LAVANDEIRA (2007): *O conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín, na Terra de Soneira. Outros batáns, folóns ou pisóns de España e Portugal*.
- LEMA SUÁREZ, X. M^a [guión e dirección] (2008): *Os batáns do Mosquetín: un conxunto etnográfico singular* (DVD de 30 minutos, gravado en galego con subtítulos en castelán, italiano, francés e inglés); Seminario de Estudos comarcais da Costa da Morte; Vimianzo, 2008.
- LLANO, P. de (1984): *Arquitectura popular de Galicia*, vol. 2; Eds. do Castro, Sada.
- LUCAS LABRADA, J. (1804): *Descripción económica del Reyno de Galicia*" (edición de Ed. Galaxia, 1971).
- POSSE, J. A (1984) *Memorias de don Juan Antonio Posse y su discurso sobre la Constitución de 1812*; edición de R. Herr; CIS/Siglo XXI, Madrid.
- SAGA TV (2006): 'Os batáns do Mosquetín: crónica dunha teima', programa piloto da serie *Lembranzas* (TVG); guión e realización de Marcos Gallego e Carmen Costa.
- VEIGA DE OLIVEIRA, E. / GALHANO, F. (1977): *Tecnologia tradicional. Pisões portuguesas*; Instituto Nacional da Investigação Científica / Centro de Estudos de Etnologia; Lisboa.
- VILLAR FOLLA-CISNEROS, L. (1994): *As construcións da auga no Chonia: unha necesidade da época*; Tráballo fin de carreira da E.U.A.T., Univ. da Coruña, baixo a dirección do Prof. Caamaño Suárez.

ÍNDICE

- Os edificios dos batáns, moi rústicos e arcaicos
- Qué era un batán e para qué servía
- As tipoloxías dos aparellos
- A mecánica do batán
- Os nomes das pezas e as súas funcións
- sistema de abatanamento
- O batán, un invento medieval
- Os batáns na literatura
- O Mosquetín, un enclave ‘industrial’ do Antigo Réxime con máis de 250 anos de historia documentada
- Os batáns do Mosquetín nos últimos anos
- Outros batáns:
 - En Galicia
 - En Asturias
 - En Cantabria
 - En Castela-León
 - En Portugal
- Os muíños do Mosquetín
- Bibliografía e índice